

ORDENANZA NÚM. 403

PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS CULTURAI

ARTIGO 1º. CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación cos artigos 41 a 47, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece os prezos públicos pola prestación de servizos nas instalacións culturais, cuxas normas reguladoras contéñense na presente Ordenanza.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO

Están obrigados ó pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza quen se beneficien dos servizos ou actividades, prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º. CONTÍA

As contías dos prezos públicos regulados nesta ordenanza serán as seguintes, os cales non inclúen o IVE, que será de aplicación conforme á normativa vixente:

Epígrafe 1: AUDITORIO MUNICIPAL “GUSTAVO FREIRE”

Pola prestación de servizos e a utilización da Sala Principal en festivais, actos e outros análogos:

Tarifa única por cesión do Auditorio:	500,00 €/día.
---------------------------------------	---------------

Epígrafe 2: BIBLIOTECA MUNICIPAL

Pola impresión de documentos en papel DIN A4, por páxina	0,10 €.
--	---------

Pola venda de soportes magnéticos para ó almacenamento de información descargada de internet: CD 700 MB:	1,10 €.
---	---------

Epígrafe 3: PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES CULTURAIS

a) Talleres e obradoiros, tales como debuxo, pintura, cerámica, modelado, etc, incluso para nenos diferentes ás encadradas dentro das ociotecas e das aulas abertas:	0,40 €/hora ata un tope máximo de 20 euros/taller.
b) Actividades destinadas a nenos/as: Ociotecas (Proxecto Aprende Xogando), e Aulas Abertas. Pola participación na actividade media xornada: Pola participación na actividade en xornada completa: A actividade terá media xornada nos casos en que se desenvolva só en horario de mañá ou de tarde. A actividade terá xornada completa nos casos en que se desenvolva en horario de mañá e tarde (Nadal, Semana Santa e Vacacións de verán).	1,00 €/xornada 2,00 €/xornada
c) Excursións:	4,00 € cada día de excursión.
d) Cursos sociosanitarios (primeiros auxilios, socorrismo acuático, etc.): - Menos de 15 horas: - Entre 16 e 25 horas: - Entre 26 e 50 horas: - Entre 51 e 100 horas: - Máis de 100 horas:	15 €/persoa. 30 €/persoa. 45 €/persoa. 60 €/persoa. 75 €/persoa.
e) Cursos formativos (monitor de tempo libre, linguaxe de signos, etc.): - Menos de 99 horas: - Entre 100 e 199 horas: - Entre 200 e 299 horas: - Máis de 300 horas:	10 €/persoa. 25 €/persoa. 50 €/persoa. 75 €/persoa.
f) Cursos de lecer (fotografía, maxia, etc.):	0,40 € por hora cun máximo de 20 euros por curso.
No caso de realización de actividades non recollidas nesta ordenanza, aplicarase	

como prezo o custo destas, que será previamente aprobado polo órgano competente.

Epígrafe 4: MUSEOS

Polo acceso ós museos aboaranse as seguintes cantidades:

a) Centro de Interpretación da Muralla	
Entrada por persoa:	3,00 €.
Entradas reducidas:	
Xubilado:	1,50 €.
Menores de 14 anos:	1,50 €.
Estudantes:	1,50 €.
Grupos de 20 ou máis persoas, por cada un:	1,50 €.
b) Casa dos Mosaicos, Centro Arqueolóxico de San Roque, Sala de Exposicións Porta Miñá	
Entrada por persoa:	2,00 €.
Entradas reducidas:	
Xubilado:	1,00 €.
Menores de 14 anos:	1,00 €.
Estudantes:	1,00 €.
Grupos de 20 ou máis persoas, por cada un:	1,00 €.
c) Entrada Múltiple (para os catro centros)	
Entrada por persoa:	7,00 €.
Entradas reducidas:	
Xubilado:	4,00 €.
Menores de 14 anos:	4,00 €.
Estudantes:	4,00 €.
Grupos de 20 ou máis persoas, por cada un:	4,00 €.

Epígrafe 5: CASA DAS LINGUAS

Pola participación no programa e nas actividades socioeducativas a desenvolver con apoio de monitor/a:

Matrícula anual por persoa e idioma. (inclúe a entrega de carné de socio/a, exentos os menores de 14 anos sempre que presenten carné de socio/a)	30 €
Pola entrega de carné de socio/a	3 €.

ARTIGO 4º. NACEMENTO DA OBRIGACIÓN

A obrigación de pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou a realización das actividades, sen prexuízo das exencións e bonificacións que se establecen.

ARTIGO 5º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Quedarán exentos do pago pola participación en actividades socio-culturais aquelas persoas que foran derivadas dende os servizos sociais de atención primaria.

As actividades relativas á formación de adultos como alfabetización, acceso á universidade, habilidades sociais e as de marcado carácter social estarán exentas do pagamento do prezo público.

En relación ás actividades destinadas a nenos/as encadradas dentro as oiotecas e aulas abertas quedarán exentos do pagamento do prezo público os terceiros fillos pertencentes a mesma unidade de convivencia, e establecese unha bonificación do 50% da cota para o segundos fillos, previa xustificación.

2. No que respecta á prestación de servizos e á utilización da Sala Principal do Auditorio “Gustavo Freire”, non están obrigados ó pagamento de cantidade ningunha as actividades culturais ou actos de calquera índole, organizadas polo Concello de Lugo ben directamente ou ben a través doutras entidades ás que se conceda o patrocinio municipal.

A Xunta de Goberno Local ou por razóns de urxencia a Alcaldía dando conta a esta, poderá acordar a redución e ata a condonación total das tarefas previstas para estes prezos públicos cando en atención ó carácter social, cultural, benéfico ou formativo dos actos se estime procedente fomentar a súa realización. O acordo que se adopte deberá ser motivado e conter os informes pertinentes.

As persoas ou entidades interesadas na obtención dos beneficios a que se refire o parágrafo anterior instarán estes do Concello acreditando suficientemente as circunstancias que xustifican a súa pretensión e cunha antelación mínima de quince días sobre a celebración do acto.

3. Os museos ós que se refire o epígrafe 4 do artigo 3º poderán visitarse gratuitamente:

- a) O primeiro sábado de cada mes.
- b) O día 17 de maio, Día das Letras Galegas.
- c) O día 18 de maio, Día Internacional dos Museos.
- d) O día 25 de xullo, Santiago Apóstolo, Día Nacional de Galicia.

4. Non están obrigados ó pagamento de cantidade algunha pola participación en actividades ou actos a celebrar na Casa das Linguas sempre que non sexa necesario o apoio de monitor/a, as proxeccións de películas, e as consultas nas que non sexa necesario a utilización de novas tecnoloxías, estarán exentos así mesmo os actos organizados polo Concello de Lugo.

Quedarán exentos do pagamento do prezo público pola participación en actividades da Casa das Linguas os segundos fillos pertencentes a mesma unidade de convivencia, previa xustificación.

Así mesmo, quedarán exentos do pago pola participación en actividades da Casa das Linguas aquelas persoas que foran derivadas dende os servizos sociais municipais de atención primaria.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN

1. O pagamento dos prezos públicos regulados nos epígrafes 1 e 3 do artigo 3º efectuarase, en todo caso, con carácter previo á prestación do servizo ou a realización da actividade, o cal poderá esixirse en réxime de autoliquidación.

A reserva do Auditorio considerarase confirmada unha vez se teña recibido resgardo do preceptivo ingreso efectuado no prazo sinalado. Transcorrido o dito prazo sen terse efectuado o ingreso quedará anulada a reserva.

A reserva de praza nas actividades desenvolvidas dentro do programa “aprende xogando” considerarase confirmada unha vez se teña recibido resgardo do preceptivo ingreso efectuado no prazo que se sinalen nas normas de admisión. Transcorrido o dito prazo sen terse efectuado o ingreso quedará anulada a reserva.

2. A autorización para a utilización do Auditorio municipal solicitarase por medio de instancia dirixida á Alcaldía, cuxa resolución sobre a procedencia ou improcedencia de conceder a autorización será notificada ós interesados e ós servizos encargados da súa execución.

3. A renuncia á reserva do Auditorio realizada polos interesados, entre 60 e 30 días naturais anteriores á data de autorización, terán unha retención do 25% do importe do prezo público. As renunciadas entre os días 30 e 10 terán unha retención do prezo público do 50% e cando a renuncia se produza 10 días anteriores á data de autorización da actividade non se producirá devolución del importe del prezo público ingresado.

A renuncia á praza na actividade desenvolvida dentro do programa “aprende xogando” realizada polos interesados ben antes do comezo ou durante o mes de duración da mesma, non producirá devolución do importe do prezo público ingresado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 7 de novembro do 2005 e 28 de decembro do 2009, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
CORRECCIÓN ERROS:	BOP núm. 146 do 27 de xuño de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 294 do 24 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 300 do 31 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009